



ORDENANZA FISCAL NUMERO 40

**REGULADORA DA TAXA POLOS SERVICIOS ESPECIAIS A
TRANSPORTES.**

ARTIGO 1. FEITO IMPOÑIBLE.

Constitúe o feito imponible da Taxa a prestación dos seguintes servicios especiais de condución vixiancia e acompañamento de transportes pesados, grandes transportes e caravanas a traves do casco urbano.

ARTIGO 2. SUXEITO PASIVO

Son suxeitos pasivos contribuintes as persoas físicas e xurídicas e as entidades as que se refire o artigo 33 da citada Lei Xeral Tributaria que sexan titulares da empresa dos servicios de transporte e, de non estar os vehículos afectos a unha actividade empresarial, os propietarios dos mesmos.

ARTIGO 3. RESPONSABLES

1.Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas e xurídicas a que se refiren os artigos 38.1 e 39 da Lei Xeral Tributaria-

2. Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 40 da Ley Xeral Tributaria.

ARTIGO 4. EXENCIONS

Estan exentos do pagamento da Taxa os servicios prestados para actos publicos e transportes feitos polo Estado, a Comunidade Autónoma e a Provincia.

ARTIGO 5. COTA

Nas prestacións de servicios sinaladas no artigo 1:

	<u>hora ou fracción</u>
- Por cada persoa afecta ó servicio	11,31 €
- Por cada vehículo afecto ó servicio	21,85 €

ARTIGO 6. DEVENGO

1.- Devéngase a taxa e nace a obriga de contribuir, cando se inicie a prestación dos servicios, entendendo a estes efectos que a devandita iniciación se produce coa solicitude dos mesmos que será obrigatoria nos supostos do artigo 1.

ARTIGO 7. DECLARACIÓN –LIQUIDACION

Para os servicios solicitados fora do horario da Caixa Municipal, o Xefe da Oficina da Policía recadará o importe das autoliquidacións que se produzan, e será obriga de dita oficina o ingreso na Recadación Municipal das cantidades percibidas xunto coas follas autocopiables que lles correspondan no inmediato día seguinte hábil.



ARTIGO 8. INFRACCIÓNS E SANCIÓN.S.

En todo o relativo á calificación das infraccións tributarias, así como das sancións que ás mesmas corresponden en cada caso, estarase ó disposto nos artigos 77 e seguintes da Lei Xeral Tributaria

DISPOSICIÓN DERRADEIRA

A presente Ordenanza fiscal, aprobada polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o día 10 de novembro de 2011, entrará en vigor o mesmo día da súa publicación definitiva no Boletín Oficial de la Provincia, permanecendo vixente ata a súa modificación ou derogación expresa.